

EDUCACIÓN FÍSICA: PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

1º BACHARELATO

Curso 2020-2021

IES SÁNCHEZ CANTÓN

Departamento de Educación Física

Profesor: Tomás Montoya Aboal

Profesor: Mario Da Silva Rodríguez

Profesor: Pablo Tarrío Sánchez

Profesor: Gabriel Pita Patiño

Índice

1. Introducción.....	3
2. Obxectivos.....	5
2.1. Obxectivos de bacharelato.....	5
2.2. Competencias clave.....	6
2.3. Obxectivos mínimos: estándares de aprendizaxe.....	7
2.4. Relación obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave.....	10
2.5. Temporalización das Unidades Didácticas.....	18
3. Métodos de ensino e tratamento NEA.....	21
4. Avaliación.....	26
4.1. Mínimos esixibles.....	27
4.2. Criterios de calificación.....	27
4.3. Mecanismos de recuperación.....	37
4.4. Proba extraordinaria.....	37
4.5. Instrumentos de avaliación.....	38
4.6. Revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas.....	39
5. Actividades complementarias e extraescolares.....	40
6. Referencias bibliográficas.....	40
7. Anexos.....	41

1. Introducción

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
	IES SÁNCHEZ CANTÓN	PONTEVEDRA	2020 – 2021

Grupos

Grupo	Profesor	Alumnos	Home	Mulleres	Observacións
A	Eladio Otero López	17	13	4	Ensinanza presencial. Contémplanse na programación as modalidades semipresencial e non presencial.
B	Mario Da Silva Rodríguez	18	9	9	Ensinanza presencial. Contémplanse na programación as modalidades semipresencial e non presencial.
C	Tomás Montoya Aboal	15	10	5	Ensinanza presencial. Contémplanse na programación as modalidades semipresencial e non presencial.
D	Tomás Montoya Aboal	17	4	13	Ensinanza presencial. Contémplanse na programación as modalidades semipresencial e non presencial.
E	Mario Da Silva Rodríguez	16	10	6	Ensinanza presencial. Contémplanse na programación as modalidades semipresencial e non presencial.
F	Mario Da Silva Rodríguez	15	3	12	Ensinanza presencial. Contémplanse na programación as modalidades semipresencial e non presencial.
G	Mario Da Silva Rodríguez	14	7	7	Ensinanza presencial. Contémplanse na programación as modalidades semipresencial e non presencial.
H	Mario Da Silva Rodríguez	14	2	12	Ensinanza presencial. Contémplanse na programación as modalidades semipresencial e non presencial.

I	EF3	13	1	12	Ensinanza presencial. Contémplase na programación as modalidades semipresencial e non presencial.
J	EF3	14	7	7	Ensinanza presencial. Contémplase na programación as modalidades semipresencial e non presencial.

Instalacións

Instalación	Características	Ocupación
Pavillón 1	½ superficie dun pavillón cuberto de formigón pulido . Aproximadamente 250 m2 separados da outra metade do pavillón por unha cortina Transversal.	ESO, BACH e TSAAFD.
Pavillón 2	½ superficie dun pavillón cuberto de formigón pulido . Aproximadamente 250 m2 separados da outra metade do pavillón por unha cortina transversal.	ESO, BACH e TSAAFD.
Pistas exteriores	Unha pista de balonmán/fútbol sala e unha pista de baloncesto, o aire libre e superficie de asfalto.	ESO, BACH e TSAAFD, soamente días coa climatoloxía axeitada.

2. Obxectivos

2.1. Obxectivos de bacharelato

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha concienciación responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e

dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- o) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuirá súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

2.2. Competencias clave

- Comunicación lingüística (CCL).
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
- Competencia dixital (CD).
- Aprender a aprender (CAA).
- Competencias sociais e cívicas (CSC).
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
- Conciencia e expresións culturais (CCEC).

2.3. Obxectivos mínimos: estándares de aprendizaxe

EFB1.1.1. Deseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e as súas posibilidades profesionais futuras, e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios.

EFB1.1.2. Adopta unha actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas.

EFB1.2.1. Prevé os riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.

EFB1.2.2. Usa os materiais e os equipamentos atendendo ás súas especificacións técnicas.

EFB1.2.3. Ten en conta o nivel de cansazo como un elemento de risco na realización de actividades que requiren atención ou esforzo.

EFB1.3.1. Respecta as regras sociais e o contorno en que se realizan as actividades físico-deportivas.

EFB1.3.2. . Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.

EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.

EFB1.4.2. Comunica e comparte a información coa ferramenta tecnolóxica axeitada, para a súa discusión ou a súa difusión.

EFB2.1.1. Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas.

EFB2.1.2. Representa composicións ou montaxes de expresión corporal individuais ou colectivas, axustándose a unha intencionalidade de carácter estética ou expresiva.

EFB2.1.3. Adapta as súas accións motoras ao sentido do proxecto artístico expresivo.

EFB3.1.1. Integra os coñecementos sobre nutrición e balance enerxético nos programas de actividade física para a mellora da condición física e saúde.

EFB3.1.2. Incorpora na súa práctica os fundamentos posturais e funcionais que promoven a saúde.

EFB3.1.3. . Utiliza de forma autónoma as técnicas de activación e de recuperación na actividade física.

EFB3.1.4. Alcanza os seus obxectivos de nivel de condición física dentro das marxes saudables, asumindo a responsabilidade da posta en práctica do seu programa de actividades.

EFB3.2.1. Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais.

EFB3.2.2. Avalía as súas capacidades físicas e coordinativas considerando as súas necesidades e motivacións, e como requisito previo para a planificación da súa mellora.

EFB3.2.3. Concreta as melloras que pretende alcanzar co seu programa de actividade.

EFB3.2.4. . Elabora e leva á práctica o seu programa persoal de actividade física, conxugando as variables de frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade.

EFB3.2.5. Comproba o nivel de logro dos obxectivos do seu programa de actividade física, reorientando as actividades nos aspectos que non chegan ao esperado.

EFB3.2.6. Formula e pon en práctica iniciativas para fomentar o estilo de vida activo e para cubrir as súas expectativas.

EFB4.1.1. Perfecciona as habilidades específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses.

2.4. Relación obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave

Educación Física. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. Contidos comúns en Educación Física				
B	<p>B1.1. Actividade física como recurso de lecer activo: efectos sobre a saúde como fenómeno sociocultural.</p> <p>B1.2. Saídas profesionais.</p>	<p>B1.1. Valorar a actividade física desde a perspectiva da saúde, a satisfacción, a autosuperación e as posibilidades de interacción social e deperspectiva profesional, adoptando actitudes de interese, respecto, esforzo e cooperación na práctica da actividade física</p>	<p>EFB1.1.1. Diseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e as súas posibilidades profesionais futuras, e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios.</p>	CSC

<p>A B C H M N Ñ O</p>	<p>B1.3. Prevención dos elementos de risco asociados ás actividades físico-deportivas e artístico- expresivas, ao contorno, á fatiga e aos materiais e os equipamentos.</p>	<p>B1.2. Controlar os riscos que pode xerar a utilización dos equipamentos, o contorno e as propias actuacións na realización das actividades físico- deportivas e artístico- expresivas, actuando de forma responsable no seu desenvolvemento, tanto individualmente como en grupo.</p>	<p>EFB1.2.1. Prevé os riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.</p>	<p>CSIEE</p>
<p>A B C H M Ñ O</p>	<p>B1.4. Actividades físico- deportivas: regras sociais e contorno. B1.5. Integración social nas actividades físico- deportivas. B1.6.Desenvolvemento da capacidade de traballo en equipo e de cooperación.</p>	<p>B1.3. Amosar un comportamento persoal e social responsable respectándose a si mesmo/a, ás outras persoas e o contorno, no marco da actividade física.</p>	<p>EFB1.3.1. Respecta as regras sociais e o contorno en que se realizan as actividades físico - deportivas. EFB1.3.2. Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.</p>	<p>CSC</p>

	B1.7. Xogo limpo como actitude social responsable.			
B D E F G L M Ñ	B1.8. Emprego das tecnoloxías axeitadas para a obtención e o tratamento de datos, para a procura, a selección e a crítica de información sobre a materia, e para a comunicación de proxectos, resultados e conclusión de traballos.	B1.4. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación para mellorar o seu proceso de aprendizaxe, aplicando criterios de fiabilidade e eficacia na utilización de fontes de información e participando en ámbitos colaborativos con intereses comúns.	EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.	CD CCL

	Bloque 2. Actividades físicas artístico-expresivas			
B D M N Ñ P	B2.1.Composicións individuais e colectivas nas actividades físicas artístico- expresivas.	B2.1. Crear e representar composicións corporais individuais ou colectivas con orixinalidade e expresividade, aplicando as técnicas máis apropiadas á intencionalidade da composición.	EFB2.1.1. Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas. EFB2.1.2. Representa composicións ou Montaxes de expresión corporal individuais ou colectivas, axustándose a unha intencionalidade de carácter estético ou	CSC CCEC

			expresiva. EFB2.1.3. Adapta as súas accións motoras ao sentido do proxecto artístico expresivo.	
--	--	--	--	--

Bloque 3. Actividade física e saúde				
B D L M Ñ	<p>B3.1. Beneficios da práctica regular de actividade física e valoración da súa incidencia sobre a saúde.</p> <p>B3.2. Hixiene postural na actividade física e en distintos campos profesionais.</p> <p>B3.3. Alimentación e actividade física.</p> <p>B3.4. Metodoloxías específicas de recuperación tras o exercicio físico.</p> <p>B3.5. Aceptación da responsabilidade no mantemento e na mellora da condición física.</p> <p>B3.6. Criterios fundamentais e métodos básicos para a planificación e o desenvolvemento da actividade física para a saúde.</p> <p>B3.7. Manexo e control dos compoñentes fundamentais da carga na práctica da actividade física: o volume, a Intensidade e a densidade do esforzo.</p>	<p>B3.1. Mellorar ou manter os factores da condición física e as habilidades motoras cun enfoque cara á saúde, considerando o propio nivel e orientándoos cara ás súas motivacións e cara a posteriores estudos ou ocupacións.</p> <p>B3.2. Planificar, elaborar e pór en práctica un programa persoal de actividade física que incida na mellora e no mantemento da saúde, aplicando os sistemas de desenvolvemento das capacidades físicas implicadas, tendo en conta as súas características e nivel inicial, e avaliando as melloras obtidas.</p>	<p>EFB3.1.1. Integra os coñecementos sobre nutrición e balance enerxético nos programas de actividade física para a mellora da condición física e saúde.</p> <p>EFB3.1.2. Incorpora na súa práctica os fundamentos posturais e funcionais que promoven a saúde.</p> <p>EFB3.1.3. Utiliza de forma autónoma as técnicas de activación e de recuperación na actividade física.</p> <p>EFB3.1.4. Alcanza os seus obxectivos de nivel de condición física dentro das marxes saudables, asumindo a responsabilidade da posta en práctica do seu programa de actividades.</p> <p>EFB3.2.1. Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que</p>	CMCCT

<p>B3.8. Probas de avaliación das capacidades físicas e coordinativas orientadas á saúde</p> <p>B3.9. Plan persoal de acondicionamento físico orientado á saúde.</p> <p>B3.10. Análise da influencia dos hábitos sociais cara a un estilo de vida activo.</p>		<p>deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais.</p> <p>EFB3.2.2. Avalía as súas capacidades físicas e coordinativas considerando as súas necesidades e motivacións, e como requisito previo para a planificación da súa mellora.</p> <p>EFB3.2.3. Concreta as melloras que pretende alcanzar co seu programa de actividade</p> <p>EFB3.2.4. Elabora e leva á práctica o seu programa persoal de actividade física, conxugando as variables de frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade.</p> <p>EFB3.2.5. Comproba o nivel de logro dos obxectivos do seu programa de actividade física, reorientando as actividades nos aspectos que non chegan ao esperado</p> <p>EFB3.2.6. Formula e pon en práctica</p>	
---	--	--	--

			iniciativas para fomentar o estilo de vida activo e para cubrir as súas expectativas.	
--	--	--	---	--

	Bloque 4. Os xogos e as actividades deportivas			
A	B4.1. Xogo, actividades deportivas	B4.1. Resolver situación motoras en	EFB4.1.1. Perfecciona as habilidades	CAA

<p>B C D M Ñ P</p>	<p>individuais e de adversario, e actividades físicas no medio natural.</p> <p>B4.2. Perfeccionamento técnico e aplicación de normas tácticas fundamentais para a realización de xogos, actividades deportivas individuais e de adversario/a, e deporte alternativo practicadas nas etapas anteriores.</p> <p>B4.3. Planificación e realización de actividades físicas en contornos non estables.</p> <p>B4.4. Aplicación do coñecemento</p>	<p>diferentes contextos de práctica aplicando habilidades motoras específicas individuais ou de adversario/a con fluidez, precisión e control, perfeccionando a adaptación e a execución dos elementos técnicos desenvoltos no curso anterior.</p> <p>B4.2. Solucionar de xeito creativo</p>	<p>específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses.</p> <p>EFB4.1.2. Adapta a realización das habilidades específicas aos condicionantes xerados polos compañeiros e as compañeiras, e polas persoas adversarias, na situación colectiva.</p> <p>EFB4.1.3. Resolve con eficacia situacións motoras nun contexto competitivo.</p> <p>EFB4.1.4. Pon en práctica técnicas específicas das actividades en ámbitos non estables, analizando os aspectos organizativos necesarios.</p> <p>EFB4.2.1. Desenvolve accións que conduzan a situacións de</p>	<p>CSIEE CSC</p>
--	--	--	--	----------------------

	<p>dos fundamentos básicos técnicos, tácticos e regulamentarios dos xogos, das actividades deportivas e do deporte alternativo</p>	<p>situacións de oposición, colaboración ou colaboración-oposición en contextos deportivos ou recreativos, adaptando as estratexias ás condicións cambiantes que se producen na práctica.</p>	<p>vantaxe con respecto á persoa adversaria, nas actividades de oposición.</p> <p>EFB4.2.2. Colabora con participantes nas actividades físico- deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición, e explica a achega de cadaquén.</p> <p>EFB4.2.3. Desempeña as funcións que lle corresponden, nos procedementos ou nos sistemas postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.</p> <p>EFB4.2.4. Valora a oportunidade e o risco das súas accións nas actividades físico- deportivas desenvolvidas.</p> <p>EFB4.2.5. Formula estratexias ante a situación de oposición ou de colaboración-oposición, adaptándoas ás características das persoas participantes.</p>	
--	--	---	---	--

2.5. Temporalización das Unidades Didácticas

Nas primeiras sesións do curso elaborárase unha avaliación inicial para determinar o nivel de coñecementos teórico-prácticos dos alumnos/as que nos sirva de punto de partida para iniciar as diferentes Unidades Didácticas contidas na presente programación didáctica.

Para realizar esa avaliación inicial utilizarase como instrumento de avaliación cuestionarios para determinar os coñecementos previos dos alumnos así como baterías de condición física e habilidades técnico-coordinativas.

	UD	Título	Descrición	Duración (sesións)
1º EVALUACIÓN	1	RESISTENCIA E FLEXIBILIDADE	Tratamos as características básicas destas dúas capacidades así como os seus métodos de adestramento para apicalos na terceira avaliación. Explicación e execución de distintos tests para medir estas capacidades físicas básicas.	10
	2	TRABALLAMOS A FORZA E A VELOCIDADE	Tratamos as características básicas destas capacidades así como os seus métodos de adestramento para apicalos na terceira avaliación no deseño dun programa de actividade física. Explicación e execución de distintos tests para medir estas capacidades físicas básicas.	8

	UD	Título	Descripción	Duración (sesións)
2º EVALUACIÓN	3	EXPRESIÓN CORPORAL	As actividades rítmicas. Traballo en grupos para crear unha coreografía de aerobic empregando una base rítmica e distintos elementos de traballo corporal.	8
	4	DEPORTES COLECTIVOS: VOLEIBOL E BADMINTON.	Traballo dos aspectos técnico- tácticos e regulamentarios dos seguintes deportes colectivos.	12

	UD	Título	Descrición	Duración (sesións)
3º EVALUACIÓN	5	PROGRAMA DE ACTIVIDADE FÍSICA	Deseño e aplicación por parte dos alumnos/as dun programa de actividade física traballando as capacidades relacionadas coa saúde: forza resistencia, flexibilidade e Resistencia aeróbica.	8
	6	DEPORTES ALTERNATIVOS (BÉISBOL-SOFTBOL, INDIAKA E FRISBEE- ULTIMATE)	Práctica de diferentes deportes alternativos, na medida do posible en espazos abertos co ánimo de coñecer as súas regras e beneficios para a saúde.	10
				*TOTAL
OBSERVACIÓNS: O número de sesións pode variar en función das necesidades do grupo, das continxencias que poidan xurdir e das condicións metereolóxicas.				

* Todo o referente as actitudes, valores e normas será traballado de forma transversal ao longo de todo o curso de xeito transversal.

3. Métodos de ensino e tratamento NEA

Encontrámonos nun escenario de ensinanza presencial. Nembargantes, a causa da situación tan excepcional que estamos a vivir no país debido á segunda onda da pandemia causada polo COVID 19, temos que plantexar varios escenarios futuros que se poden dar:

- A modalidade de ensinanza semipresencial.
- A modalidade de ensinanza non presencial.

Dependendo da situación, estableceremos modificacións na metodoloxía de traballo e noutros aspectos programáticos como a avaliación, respondendo aos alumnos con criterios obxetivos e de eficiencia. O obxectivo é que todos os contidos a nivel curricular sexan impartidos sen poñer a saúde do alumnado e profesorado en perigo, cumprindo coas normas sanitarias impostas en cada momento.

Os criterios xerais a considerar para o deseño e o desenvolvemento desta programación didáctica no contexto dunha ensinanza semipresencial e non presencial serán os seguintes:

- O profesorado seleccionará e adaptará as metodoloxías mais axeitada á situación e ós recursos tecnolóxicos dispoñibles polo seu alumnado e tentarase en todo momento o emprego de recursos mínimos e sinxelos.
- Ter en conta a desigualdade que produce entre o alumnado e que se materializa nas diferencias de apoio que pode recibir o alumnado no seu entorno e a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos para desenvolver unha educación semipresencial ou non presencial. Para elo, dende o Centro faremos un estudio dos recursos dos que dispón o alumnado co obxectivo de anticiparse e buscar solucións ante un hipotético escenario de ensinanza non presencial.
- Evitarase a sobrecarga de tarefas a facer polo alumnado e para acadar este obxectivo as actividades non poderán exceder o 80 % do tempo semanal asignado no horario do grupo a súa materia. Asemade definirase unha organización para o envío das actividades ó alumnado e contemplarase sempre un tempo mínimo de sete días para que o alumnado as poda facer e proceder o seu envío.
- As clases poderán ser impartidas (na modalidade non presencial e semipresencial) mediante a plataforma da Xunta Cisco Webex, creada para esta finalidade.
- As actividades e tarefas a desenvolver na modalidade non presencial se farán a través do aula virtual mediante diferentes instrumentos de avaliación: realización de cuestionarios, deseño de tarefas e sesións, mapas conceptuais, traballos de investigación, etc.
- Na modalidade semipresencial poderanse realizar tarefas na aula ou pabillón e tamén se levarán a cabo tarefas a través da aula virtual na parte de non presencia no centro.
- A avaliación final do curso será continua, formativa e diagnóstica.
- É preciso que os alumnos adquiran unha aprendizaxe significativa, é dicir, unha aprendizaxe duradeira, sólida e útil (aplicable a situacións reais). Esta prodúcese cando os contidos son relacionados de forma substantiva e non arbitraria cos conceptos previos do alumno, e intégranse na súa estrutura cognitiva.

Metodoloxía para a modalidade SEMIPRESENCIAL

Recursos educativos	Descrición
Actividades Prácticas Autónomas (para o período de non asistencia á aula)	Desenrolo de actividade física mediante a entrega de sesións a través da aula virtual para asimilar os contidos da materia, os cales se corresponden cos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación recollidos na programación.
Actividades Prácticas Autónomas (para o período de non asistencia á aula)	Realización de cuestionarios, resumos, mapas conceptuais, tarefas de investigación, todo baseado nos contidos da materia de Educación Física Os contidos desenvolvidos corresponden cos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación recollidos na programación.
Actividades prácticas e teóricas (para o período de asistencia á aula)	Clases prácticas sobre os contidos curriculares (Unidades didácticas), probas tipo test, de resposta curta ou de desenrolo sempre ligadas aos estándares de aprendizaxe/competencias da materia.
Actividades Prácticas Guiadas (para o período de non asistencia á aula)	Titorización das actividades vía correo electrónico corporativo ou a través do foro da aula virtual do I.E.S. Sánchez Cantón.

Metodoloxía para a modalidade NON PRESENCIAL

Recursos educativos	Descrición
Actividades Prácticas Autónomas	Entrega de traballos baseados na resolución de problemas por parte do alumnado a través do AV do Centro. Os contidos desenvolvidos corresponden cos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación temporalizados no período establecido para o desenvolvemento da docencia virtual.
Actividades Prácticas Guiadas	Cuestionario formato pregunta/resposta aberta vencellados. Os contidos desenvolvidos corresponden cos estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación a cualificar no período establecido para o desenvolvemento da docencia virtual.
Actividades Prácticas Autónomas	Grabación e envío de vídeos relativos a estándares de aprendizaxe/competencias vencellados/as co eido procedimental da materia a través do AV do Centro.
Actividades teóricas	Probas tipo test obxectiva e pechada a través da AV do Centro relativa a estándares de aprendizaxe/competencias da materia
Actividades Prácticas Guiadas	Titorización das actividades vía correo electrónico corporativo ou foro AV Sánchez Cantón.

Ensinanza práctica, activa, adaptada ás capacidades cognitivas e motrices dos alumnos/as e co emprego de ferramentas TIC.

No caso de alumnos/as con necesidades educativas especiais (NEA):

- Adaptación das condicións de accesibilidade ó centro.
- Adaptación dos recursos de apoio.
- Flexibilización para cursar a materia cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral (require autorización administrativa).

No caso de alumnos/as con dificultades de aprendizaxe:

- Actividades de reforzo individualizadas.
- Favorecer un método de aprendizaxe baseado na práctica, experiencia e investigación a partir de intereses dos alumnos/as, estudos de caso e o emprego de recursos TIC.
- Deseño de probas de avaliación en coherencia cos métodos propostos.

Os alumnos/as con asma, artritis idiopática, diabete, narcolepsia e problemas de columna ou problemas cardíacos: realizarán actividades adaptadas ás súas posibilidades motrices. Os exercicios que non poidan realizar no plano práctico, serán realizados a través de traballos teórico-prácticos en relación coa actividade que non poden realizar.

Traballos para os alumnos lesionados de forma puntual: deberán realizar unha ficha, no caderno de Educación Física, na que teñan que reflectir o traballo realizado nesa ou nesas sesións. Estas fichas serán corrixiadas e entregadas polo profesor/a en caso de ter unha cualificación positiva.

No caso de alumnado problemas crónicos: realización de unha Adaptación Curricular contemplando o bagaxe motriz dispoñible e as opcións de traballo co alumnado.

No caso de alumnado que non acude á sesión coa vestimenta axeitada: realizarán o mesmo traballo que o alumnado lesionado temporalmente asemade de anotarlle unha falta de Roupa, si é reiterada sera falta grave e anotarase coma tal.

No caso de alumnado suspenso: ao longo do curso establecerase a posibilidade de realizar probas para superar os contidos onde non se acadara os mínimos.

Atención á diversidade

Ao alumnado de 1º Bach con NEE que precisen da aplicación de medidas extraordinarias de atención a diversidade se lles facilitarán as tarefas de modo titorial (respondendo as preguntas e adaptándose as dificultades que podan ter, tempo e forma das tarefas).

No caso da aparición de alumnado con NNE de carácter extraordinario de xeito sobrevido, resolverase a situación co deseño dunha adaptación curricular significativa e adaptada ás características individuais do alumno/a en base a lexislación vixente.

No caso da existencia de alumnado con dificultades o acceso a Aula Virtual do centro, contactarase vía telefónica ou vía correo ordinario para o establecemento de medidas extraordinarias de acceso o currículo.

Para os alumnos diagnosticados de TDHA se seguirá o protocolo establecido por o departamento de orientación. Neste caso as medidas a tomar serán:

1. Organización do material, instalación e alumnado:

Rutinas establecidas que atenden a:

Organización grupal e individual nas clases: cerca do profesor na explicación dos exercicios. En grupos de máis de dous alumnos que lle dean tranquilidade. Creando un bo clima de traballo (no distraccións) lonxe de estímulos sonoros ou visuais.

Material recollido a maior parte do tempo posible hasta o seu uso. A axenda para o alumno con TDAH (instrumento moi útil e imprescindible para a comunicación/información coa familia e levar ao día as súas tarefas). Novas tecnoloxías, onde os familiares poderán comprobar os traballos esixidos ao alumno e os contidos que tratarán nas clases desde edixgal ou o aula virtual.

Organización das tarefas: alternar actividades teóricas co traballo práctico. Segmentar as actividades longas e limitar o seu número. Utilizar reforzos e apoios visuais na

instrución oral (lousa explicativa e chifre). Compañeiro/a “responsable” que axude nas tarefas.

2. Orientacións metodolóxicas:

Comunicación profesor/alumno: normas claras e coherentes coa empatía e con reforzos positivos (eloxios privados e públicos) e apoios visuais na instrución oral. Explicar tarefas de xeito claro e sinxelo, e asegurarse do entendemento de todos. Estratexias para captar a atención inicial como cambios de entoación, xesticulación e dramatización. Manter un ambiente estruturado, motivador e con rutinas predicibles. Negociarase co alumnado unhas cantas normas de funcionamento (non moitas) e as consecuencias do seu cumprimento e incumprimento. Debe escribilas o propio alumnado (visibles na aula) e deben ser repasadas, con frecuencia, polo conxunto da clase. Aplicación de métodos, técnicas e estilos de enseñanza: os estilos permisivo ou autoritario son negativos nestes casos. Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións. Utilización da maioría de métodos incluídos nas estratexias participativas (apartado 5: metodoloxía).

3. Implicación familiar

Entrevistas regulares entre o profesorado e a familia (cada 2 ou 3 semanas); onde se informarán mutuamente dos avances, logros ou estancamentos do alumno.

Actividades de ampliación e reforzos:

En relación á atención á diversidade do alumnado terase en conta a organización de actividades reforzo ou apoio e de ampliación, que lles permitirán o seguimento do ritmo da clase ao igual que o resto dos seus compañeiros/as. En casos máis significativos, poderase establecer un reforzo educativo ou unha adaptación curricular.

Como medidas xerais a ter en conta con este nenos/as establécense as seguintes:

1. Axuda individualizada sempre que sexa posible.
2. Sitalos ao lado de nenos/as máis avantaxados.
3. Atención personalizada en función das necesidades de cada un.

4. Procurar que todos os alumnos e alumnas alcancen similares obxectivos, partindo da non discriminación e non separación en función das condicións de cada neno ofrecéndolles a todos eles as mellores condicións.
5. Buscaremos a máxima normalidade con propostas o máis cercanas posibles ao currículo ordinario e a maior atención individual. Isto fai máis complexa a nosa labor educativa polo que será preciso contar con recursos humanos, materiais e organizativos. Actividades ou estratexias que se utilizan na aula para atender á diversidade:
 - Cambio de orde dos contidos.
 - Programación de actividades de repaso.
 - Flexibilidade do tempo.
 - Organización no ximnasio por grupos: facer grupos heteroxéneos por niveis e con actividades diferentes.
 - Utilización de materiais diversos, en función do nivel do alumno: outros libros, tarxetas, xogos didácticos, fichas de reforzo, fichas de ampliación.
 - Integración de todo o alumnado na aula.
 - Priorizar métodos que favorezan a expresión, a reflexión e a comunicación.
 - Ofrecer actividades para que lles permitan conseguir éxito ante o grupo.
 - Sempre que se crea preciso o tratamento destes alumnos e alumnas con dificultades farase sempre en coordinación cos profesores especialistas e o equipo de orientación co fin de lograr fomentar o desenvolvemento das súas capacidades físicas, cognitivas e o máis importante é lograr unha integración do alumno na aula e na dinámica da escola.

4. Avaliación

4.1. Mínimos esixibles

Veñen recollidos na táboa que se reflicte a continuación.

4.2. Criterios de calificación

A función principal da cualificación consiste en comunicar a cada alumno o nivel de competencia que alcanzou. A utilización dun modelo ecléctico posibilita o alcance dunha competencia motriz axeitada.

Criterios de cualificación para as unidades didácticas.

A cualificación das Unidades Didácticas levarase a cabo desde o grao de cumprimento dos estándares de aprendizaxe para o curso correspondente. Este cumprimento vese reflexado pola utilización dos instrumentos de aprendizaxe, os cales miden o grao de adquisición a través dun porcentaxe atribuído polo profesor.

Estándar Aprendizaxe	Grao Minimo	Com clave	El. Trans	Pon %	Inst. Avaliación
---------------------------------	------------------------	----------------------	------------------	------------------	-----------------------------

EFB1.1.1. Deseña, organiza e participa en actividades físicas, como recurso de lecer activo, valorando os aspectos sociais e culturais que levan asociadas e as súas posibilidades profesionais futuras, e identificando os aspectos organizativos e os materiais necesarios.	Deseña traballos relacionados coa condición física e participa na súa posta en práctica.	CSC CAA	IEH PVP CRE AUT INIC TE VXC EOL MP	5%	Traballo escrito Aplicación Práctica Exame
EFB1.1.2. Adopta unha actitude crítica ante as prácticas de actividade física que teñen efectos negativos para a saúde individual ou colectiva, e ante os fenómenos socioculturais relacionados coa corporalidade e os derivados das manifestacións deportivas.	Coñece varios exercicios contraindicados e as súas alternativas saudables.	CSC CAA	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL MP	5%	Exame Teórico/Práctico
EFB1.2.1. Prevé os riscos asociados ás actividades e os derivados da propia actuación e da do grupo.	Establece normas básicas de seguridade evitando riscos innecesarios.	CSC CAA	EHM CL MP EEO VXC	2,5%	Exame teórico/práctico
EFB1.2.2. Usa os materiais e os equipamentos atendendo ás súas especificacións técnicas.	Coñece e utiliza de maneira óptima os equipamentos utilizados no desenrolo das prácticas.	CSC CAA	IEHM PVPD CREA	5%	Traballo individual

			AUT INIC TE VXC EOL MP		
EFB1.2.3. Ten en conta o nivel de cansazo como un elemento de risco na realización de actividades que requiren atención ou esforzo.	Coñece os períodos de recuperación nos traballos de planificación da condición física.	CSC CAA	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL MP	2 , 5 %	Traballo individual
EFB1.3.1. Respecta as regras sociais e o contorno en que se realizan as actividades físico-deportivas	Mantén unha actitude de respecto cara aos compañeiros independentemente do rol asignado colaborando activamente nas actividades desenvolvidas.	CSC CAA	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL	5 %	Traballo individual nas saídas ao entorno natural.
EFB1.3.2. Facilita a integración doutras persoas nas actividades de grupo, animando á súa participación e respectando as diferenzas.	Respeto e colabora nas actividades co resto do grupo.	CSC CAA	IEHM PVPD CREA	5 %	Traballo individual

			AUT INIC TE VXC EOL MP		
EFB1.4.1. Aplica criterios de procura de información que garantan o acceso a fontes actualizadas e rigorosas na materia.	Coñece as ferramentas para a búsqueda de información relevante dacordo á temática dada.	CSC CAA	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL MP	2 , 5 %	Traballo individual de investigación.
EFB2.1.1. Colabora no proceso de creación e desenvolvemento das composicións ou montaxes artísticas expresivas.	Participa na creación e execución dunha actividade coreográfica. Interésase e esfórzase pola realización de actividades expresivas.	CD CCL	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL MP	5 %	Presentación e exposición de traballos.
EFB2.1.2. Representa composicións ou montaxes de expresión corporal individuais ou colectivas,	Deseña unha composición en grupo con soporte musical.	CD CCL	IEHM PVPD	5 %	Presentación e exposición de traballos.

axustándose a unha intencionalidade de carácter estética ou expresiva.			CREA AUT INIC TEVX CEOL MP		
EFB2.1.3. Adapta as súas accións motoras ao sentido do proxecto artístico expresivo.	Comunica co seu corpo pensamentos, sentimentos e/ou emocións en grupo.	CCEC CD	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL	2 , 5 %	Presentación e exposición de traballos.
EFB3.1.1. Integra os coñecementos sobre nutrición e balance enerxético nos programas de actividade física para a mellora da condición física e saúde.	Recoñece a relación entre saúde e actividade física xunto coa alimentación adecuada. Expón un menú equilibrado con o seu aporte calórico saudable.	CMCC T CAA	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE PVX CEO CL EMP	5 %	Traballo individual Exame teórico
EFB3.1.2. Incorpora na súa práctica os fundamentos posturais e funcionais que promoven	Coñece e domina o 80% dos exercicios posturais executados na	CMCC T	IEHM PVPD	5 %	Traballo individual

a saúde.	clase.	CAA	CREA AUT INIC TE PVX CEO CL EMP		
EFB3.1.3. Utiliza de forma autónoma as técnicas de activación e de recuperación na actividade física.	Deseña e leva a cabo actividades nas diferentes fases dunha sesión	CMCC T CAA	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE PVX CEO CL EMP	5 %	Traballo individual
EFB3.1.4. Alcanza os seus obxectivos de nivel de condición física dentro das marxes saudables, asumindo a responsabilidade da posta en práctica do seu programa de actividades.	Deseña un programa de acondicionamento físico no ámbito da condición física saudable.	CMCC T CAA	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE PVX CEO	5 %	Trabalo individual. Presentación e exposición de traballos

			CL EMP		
EFB3.2.1. Aplica os conceptos aprendidos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable á elaboración de deseños de prácticas en función das súas características e dos seus intereses persoais.	Presentación e execución práctica dun plan individual de adestramento de xeito correcto en función das premisas dadas.	CMCC T CAA	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE PVX CEO CL EMP	5 %	Traballo individual
EFB3.2.4. Elabora e leva á práctica o seu programa persoal de actividade física, conxugando as variables de frecuencia, volume, intensidade e tipo de actividade	Coñece os componentes da carga e os aplica ao deseño do seu programa individual de adestramento.	CMCC T CAA	IEHM PVPD CREA AUT INIC TE PVX CEO CL EMP	5 %	Traballo individual
EFB3.2.5. Comproba o nivel de logro dos	Adquire a capacidade de modificar	CAA	IEHM	5	Traballo

<p>obxectivos do seu programa de actividade física, reorientando as actividades nos aspectos que non chegan ao esperado.</p>	<p>ou adaptar os componentes de volumen e intensidade dun programa de adestramento.</p>	<p>CSIEE</p>	<p>PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL MP</p>	<p>%</p>	<p>individual e cuestionario</p>
<p>EFB4.1.1. Perfecciona as habilidades específicas das actividades individuais que respondan aos seus intereses.</p>	<p>Domina a execución das habilidades específicas nas situacións xogadas.</p>	<p>CAA CSIEE</p>	<p>IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL MP</p>	<p>5 %</p>	<p>Traballo individual e cuestionario</p>
<p>EFB4.2.1. Desenvolve accións que conduzan a situacións de vantaxe con respecto á persoa adversaria, nas actividades de oposición.</p>	<p>Aplica as habilidades adquiridas nos deportes practicados en situacións xogadas.</p>	<p>CAA CSIEE</p>	<p>IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL MP</p>	<p>5 %</p>	<p>Traballo individual</p>

<p>EFB4.2.2. Colabora con participantes nas actividades físico-deportivas nas que se produce colaboración ou colaboración-oposición, e explica a achega de cadaquén</p>	<p>Respecta no 100% das actividades desenvolvidas os participantes e as normas de participación.</p>	<p>CAA CSIEE</p>	<p>IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL MP</p>	<p>5 %</p>	<p>Traballo individual</p>
<p>EFB4.2.3. Desempeña as funcións que lle corresponden, nos procedementos ou nos sistemas postos en práctica para conseguir os obxectivos do equipo.</p>	<p>Domina as habilidades das diferentes posicións específicas nos deportes practicados.</p>	<p>CAA CSIEE</p>	<p>IEHM PVPD CREA AUT INIC TE VXC EOL MP</p>	<p>5 %</p>	<p>Traballo individual</p>

NOTA FINAL

Posto que se trata dunha **avaliación continua**, para obter a nota da avaliación final ordinaria, realizarase unha media aritmética coas cualificacións das dúas avaliacións anteriores e a cualificación

da terceira avaliación. Así, a nota da avaliación final ordinaria obterase coa media aritmética das tres avaliacións do curso.

4.3. Mecanismos de recuperación

No caso de obter unha cualificación negativa na nota final do curso, o alumno terá que facer un exame teórico-práctico dos contidos das unidades suspensas. Levarase a cabo no terceiro trimestre (gárdanse as notas das unidades aprobadas para facer media aritmética destas coa nota final do exame de recuperación).

Os alumnos e alumnas que non superen as UD. seguirán o seguinte proceso:

- Realizárase unha recuperación de cada UD non superada. Para elo, estableceremos dous tipos de probas:
 - Proba teórica: traballo ou exame cun valor do 40% da nota de recuperación.
 - Proba práctica: cun valor do 60% da nota de recuperación.
- Na recuperación, o alumno poderá chegar á máxima calificación (10), e á hora de facer a media débese ter en conta a nota de dita recuperación.

4.4. Proba extraordinaria (Setembro)

- No caso dos alumnos e alumnas que non consigan superar a materia na oportunidade ordinaria, deberán presentarse para realizar a proba extraordinaria, onde realizarán suposto teórico-práctico de unidades suspensas e probas prácticas nas unidades que correspondan. Terá un valor do 100% da puntuación para o curso.
- **Proba teórica 40% do valor da nota final:** preguntas tipo test e curtas sobre cada unidade suspensa (UD1: preguntas curtas sobre as capacidades resistencia e flexibilidade. UD2: preguntas curtas sobre as capacidades de forza e velocidade. UD3: preguntas curtas sobre os elementos que compoñen unha coreografía con base rítmica. UD4: preguntas curtas sobre o regulamento de cada deporte practicado (badminton e voleibol). UD5: preguntas curtas sobre aspectos do diseño e planificación de actividade física saudable. UD6: preguntas curtas sobre o regulamento dos deportes alternativos practicados (béisbol, ultimate e softball).
- **Proba práctica 60% do valor da nota final:** (UD1: Explicación e demostración de exercicios e métodos de adestramento das capacidades físicas da resistencia e flexibilidade creados polo alumno/a. UD2: Explicación e demostración de exercicios e métodos de adestramento das capacidades físicas da forza e velocidade creados polo alumno/a UD3: desenvolvemento e explicación de polo menos 8 pasos dentro dunha estrutura musical proposta. UD4: suposto práctico explicando nocións técnicas e básicas dos deportes badminton e voleibol. UD5: diseñar e planificar nun marco temporal definido un programa saudable de adestramento).

- Estas probas deberán estar colgadas no Aula Virtual do centro informando ao alumnado das mesmas, así como das condicións nas que as deben realizar (roupa e material necesario para levar a cabo ditas probas).
- Os alumnos que teñan a materia suspensa do curso anterior terán como sistema de recuperación:
 - Informe favorable do profesor do curso no que se atope xa que é imposible asistir a clases de recuperación.
 - Traballos escritos ou probas teóricas ao longo do curso sobre os contidos de cada unha das avaliacións do curso anterior (tomando como referencia o currículo establecido no Decreto 133/2007, de 5 de xullo, no curso 2015/2016).
- Na modalidade non presencial, o alumnos realizarán unha proba escrita con preguntas tipo test e de contestación en liña a través da aula virtual correspondentes aos contidos teóricos desenvolvidos no curso e terá un valor do 100% da puntuación para o curso.

4.5. Instrumentos de avaliación

Estes instrumentos de avaliación aplicaranse según o indicado no punto 4.2 desta programación en relación aos mínimos esixibles para cada estándar de aprendizaxe traballado.

Na modalidade de ensinanza PRESENCIAL e SEMIPRESENCIAL:

Instrumentos Experimentais	
Test	Baterías de condición física, probas de habilidade motora
Probas de execución	Realización dunha actividade ou habilidade previamente verbalizada polo profesor ou polo alumno
Probas escritas	De evocación (respostas breves), de completación de textos mutilados, de verdadeiro ou falso, de elección múltiple (varias respostas a elixir), de correspondencia (frechas), de identificación (un debuxo no que hai que identificar o tipo de exercicio, etc.). Probas de desenvolvemento: preguntas longas, preguntas curtas, comentarios de texto, con material, sen material, etc.
Traballos investigación	Busca de información, indagación, enquisas...

No modalidade de ensinanza NON PRESENCIAL:

Instrumentos Experimentais	
Test	Elaboración de vídeos por parte do alumno: Baterías de condición física, probas de habilidade motora,...
Probas de execución	Grabación e envío por parte do alumno da realización dunha actividade ou habilidade previamente verbalizada polo profesor ou polo alumno.
Probas escritas	Realización por parte do alumno de diferentes probas teóricas e teórico-prácticas mediante os recursos da aula virtual como probas de evocación (respostas breves), de verdadeiro ou falso, de elección múltiple (varias respostas a elixir), de identificación (un debuxo no que hai que identificar o tipo de exercicio, etc.). Probas de desenvolvemento: preguntas longas, preguntas curtas, comentarios de texto, con material, sen material, etc.
Traballos investigación	Busca de información, indagación, enquisas... Envío por parte do alumno a través da aula virtual do Centro.

4.6. Revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas

En relación cos resultados académicos obtidos polos alumnos/as durante o curso e co obxectivo de mellorar o proceso de aprendizaxe:

1. Faranse reunións de departamento periódicas para o seguimento da programación didáctica da materia.
2. Na reunión farase unha valoración xeral das actividades de ensino – aprendizaxe realizadas ata o momento, especialmente no que afecta o tempo que precisan para o seu correcto desenvolvemento, a metodoloxía empregada, os resultados de avaliación obtidos e as oportunas medidas de axuste que se propoñen para a mellora da práctica docente.
3. O remate do curso e con anterioridade ó 30 de xuño, farase unha memoria cos datos xerais do curso e unha relación propostas concretas e xustificadas de mellora para o vindeiro curso, especialmente no que afecta as instalacións, os recursos, as actividades, a metodoloxía, a avaliación e a temporalización dos contidos.

5. Actividades complementarias e extraescolares

1. Utilización de espazo próximo; realizaremos sesións valéndonos dos espazos próximos ao centro (alameda, parque das palmeiras, etc). Sempre baixo autorización e de acordo ao establecido no NOF do centro.
2. Progresión no medio natural: Consistente nunha saída e desenvolvemento dun tramo en bici.
3. Progresión no medio natural: realizaremos unha saída a Praia A Lanzada para facer surf.
4. Saída a un ximnasio cercano da zona e ver a instalación deportiva.

6. Referencias bibliográficas

Guía LOMCE (2015). <http://www.edu.xunta.es/portal/guiadalomce>

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Instrucións do 30 de Xullo do 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas de educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

7. Anexos

ORIENTACIÓNS DE ORGANIZACIÓN PARA IMPARTIR AS CLASES DE EDUCACIÓN FÍSICA NA

ESO, BACHARELATO E CICLO FORMATIVO (TSEASD), POR MOR DA COVID 19

Pavillón (aulas de educación física) dividirase en dúas partes; Pavillón 1 e a parte pegada aos almacéns do material, E Pavillón 2 parte da pista que está mesmo na entrada ao Pavillón. Cada grupo utilizará sempre a parte de pavillón que teña establecida durante todo o curso, e cada alumno/a utilizará sempre o seu lugar na bancada ónde o sitúe o profesor no primeiro día de clase.

Nas dúas primeiras semanas de clase o profesorado de educación física recollerá ao seu alumnado co que teña clase, na súa aula e os baixará ao pavillón pola zona sinalada formando unha ringleira e mantendo a distancia de seguridade.

Situado o grupo na porta do pavillón para realizar a súa clase, estes limparán as mans co xel situado nos dispensadores situados na entrada do pavillón. Non poderán acceder aos vestiarios, soamente farano co permiso do profesor por mor dunha necesidade importante.

O alumnado do grupo que lle toque a parte do Pavillón 1 entrará en ringleira xirando a esquerda e camiñarán pegados a parede por diante dos vestiarios sen entrar en eles e dirixiranse a seu posto que ten asinado e sinalizado na bancada, unha vez alí sentado esperará ao seu profesor/a.

O alumnado do grupo que lle toque o Pavillón 2 entrará directamente en ringleira de fronte as bancadas de esa parte onde unha vez sentados na zona sinalada agardarán ao seu profesor/a.

O profesorado poderá decidir, si as condicións climatolóxicas o permiten, utilizar o Patio exterior das pistas polideportivas: estas terán catro partes.

Zona 1 (Ciclo F.)	Zona 2	Zona 3
Zona 4 (cuberta)		

O remate na clase farase escalonadamente e será da seguinte maneira:

O curso que esté na parte de Pavillón 2 rematará a clase 10 minutos antes do toque do timbre

e en grupos de catro entrarán no vestiario a lavar as mans, cambiar a camiseta, zapatillas e secarse con unha toalla. Todo isto de forma moi rápida. Os dous últimos de cada grupo desinfectan antes da entrada dos seguintes. Máximo 1 minuto.

O curso que esté na parte do Pavillón 1 rematarán a clase 5 minutos antes do toque do timbre, e formando grupos de 4 antes e entrarán a lavar as mans cambiar a camiseta, zapatillas, e secarse con unha toalla. Os dous últimos de cada grupo desinfectan antes da entrada dos seguintes. En ningún caso poderán estar máis de 1 minuto.

O limitado material que se usen as clases será desinfectado constantemente polo profesorado. O papel utilizado deixarase no interior dos cubos plásticos con pedal establecidos para este cometido

Pontevedra 23 de setembro de 2020

O Departamento de Educación Física